

SISTEMA INFORMÁTICO DE XESTIÓN ACADÉMICA:

Aplicación para o profesorado

S.I.X.A-profesorado

1

2 A Aplicación SIXA - profesorado.

Para entrar na aplicación é preciso escribir na barra do navegador o enderezo que a dirección do centro proporcione a tal fin ([http://www. _____](http://www._____)). A pantalla que aparecerá pedirá o login e o password que ao inicio do curso serán o NIF escrito todo seguido sen puntos nin guións e coa letra final en minúscula en ambos casos. Por defecto entrase co rol de profesorado mais quen sexa membro da dirección do centro poderá entrar tamén con ese rol. É importante que ao entrar por primeira vez se modifique a password para que ninguén o coñeza. A password da PDA e a da aplicación Web poden ser diferentes. Recomendase que a da

PDA sexa un simple PIN de 4 caracteres para que sexa doado de teclear na PDA, mais a da aplicación Web, onde o tecleo é doado, debe ser unha password completa.

Una vez que se entra accedese a pantalla principal da aplicación SIXA profesorado que ten o aspecto da figura



2.1 O Menú principal

O menú principal da aplicación ten as opcións que se describen a seguir. Neste apartado explicase ademais o uso daquelas seccións mais simples mentres que para as mais complexas dedícanse apartados específicos deste manual. As opcións do menú principal son:

- **Alumnado.** Facilita a xestión integral do alumnado. É a sección mais complexa da aplicación polo que se describe mais adiante
- **Programación.** Permite detallar a programación docente que se vai seguir nunha materia. Para cada tema, ademais de poder detallar os seus obxectivos, actividades e recursos, pódense especificar tantos apartados e subapartados (2 niveis) como se precisen. Dedicamos un apartado deste manual a esta opción.
- **Calendario.** Visualiza o calendario do curso académico mais non marca os días festivos polo que simplemente informa da estrutura das semanas.
- **Horarios.** Facilita ver e imprimir o horario de calquera grupo ou profesor/a do centro.
- **Personalización.** Permite modificar o password da aplicación *SIXA profesorado*. O password da PDA debese modificar na propia PDA.

- **Mensaxes.** Permite ver as mensaxes enviadas pola dirección. Esta pestana ponse en vermello cando hai mensaxes non lidas.
- **Saír.** Permite saír correctamente da aplicación pechando a sesión

2.2 A pestana de “Alumnado”

Despois de identificarse correctamente na aplicación *SIXA profesorado*, entrase nesta opción do menú, etiquetada coa palabra **Alumnado**, que fai as veces de páxina de entrada. Na barra superior da parte dereita da pantalla aparece un submenú coas tres opcións seguintes:

- **Listaxes.** permite obter listaxes de todo o alumnado do centro organizado por grupos, materias ou materias pendentes. Todas as listaxes pódense ver e imprimir.
- **Caderno de clase.** Esta é a opción mais complexa da aplicación, é a que permitira levar o control de faltas e o seguimento académico do alumnado ao que se lle da clase, ademais de facilitar as labores de tutoría e a imposición dunha falta de conduta a calquer alumno/a do centro. A aplicación da PDA ten as mesmas funcionalidades que esta opción excepto as posibilidades de impresión. Dada a complexidade desta opción dedicámoslle un apartado completo deste manual.
- **Conduta.** Permite completar os partes de conduta que se iniciaron coa PDA. Permite comodamente teclear os detalles da falta e/ou do correctivo imposto e imprimilos.

2.3 A pestana de “programación”

Nesta opción ofrecese un listado das materias (a esquerda) e dos grupos (a dereita) sobre as que se teñen responsabilidades docentes no curso actual.

Seleccionando unha materia entrase no submenú que permite traballar sobre a programación docente. Seleccionando un grupo pódese ver o seguimento da programación docente desa materia nese grupo (vendo a data de comezo de cada tema con ese grupo de clase), ou pódese xerar a memoria anual dese grupo de clase.



SIXA - Aplicación do Profesorado

ALUMNADO | **Programación docente** | Conectado como: profesor/a

PROGRAMACIÓN | CALENDARIO | HORARIOS | PERSONALIZAR | MENSAXES | SAIR

Seleccionando unha materia vostede poderá crear, ver ou modificar a programación docente da mesma.


Seleccionando un grupo vostede poderá facer o seguimento académico deste, así como, ao final do curso, ver e imprimir a súa memoria anual.

Materias	Grupos
Bioloxía e Xeoloxía	1º Bac - A - Bixe
Bioloxía e xeoloxía	1º ESO - A/A - CCNN
Ciencias da natureza	1º ESO - B/B - CCNN
Ciencias medioambientais e da saúde	3º ESO - A - Bixe
	3º ESO - A/A - Bixe
	3º ESO - B - Bixe
	3º ESO - B/B - Bixe
	3º ESO - C - Bixe
	3º ESO - D - Bixe
	3º ESO - D - CMds

COPYRIGHT (C) 2005, PLATAFORMA DESENVOLTA POR E-XENIO
Deseño baseado nunha plantilla de Just Web Templates (<http://www.justwebtemplates.com>)

Cando se selecciona unha materia entrase nun submenú coas seguintes opcións:

- **Programacións.** Permite detallar a programación docente que se vai seguir nunha materia. Especificando para cada tema os seus apartados e subapartados, os obxectivos docentes, as actividades a realizar e os recursos didácticos que se van precisas. Ademais para cada tema débese anotar o número de horas de clase que se lle van dedicar. SIXA proporciona sempre o número de horas que se van dedicar a temas anteriores e o número de horas completo de que dispón esa materia. Estes dous datos e o calendario proporciónanse para facilitar o deseño da programación.
- **Temario.** Permite visualizar o conxunto de temas cos seus apartados e subapartados así como as horas de docencia previstas.
- **Imprimir.** Permite imprimir a programación e/ou o temario da materia



SIXA - Aplicación do Profesorado

ALUMNADO | Programación do tema | Conectado como: profesor/a

PROGRAMACIÓNS | Volver

CALENDARIO | Nº 4 | Título

PERSONALIZAR | Obxectivos

SAIR | Materiais e recursos


Actividades

Horas: Previstas (En temas anteriores: 23 En todo o curso)

Este tema non ten apartados

Engadir apartado | Gardar

COPYRIGHT (C) 2005, PLATAFORMA DESENVOLTA POR E-XENIO
Deseño baseado nunha plantilla de Just Web Templates (http://www.justwebtemplates.com)



SIXA - Aplicación do Profesorado

ALUMNADO | Programación docente | Conectado como: profesor/a

PROGRAMACIÓNS | Editar programación | Ver temario | Imprimir

CALENDARIO | Temario da materia 'Biología e Xeoloxía'

PERSONALIZAR | Volver

SAIR | Temas

1 - Niveis de organización dos seres vivos. (3 h)

2 - Bioelementos, auga e sales minerais. (8 h)

2.1 - Concepto de Bioelemento.

2.2 - Estructura e propiedades da auga

3 - Introducción as biomoléculas. (12 h)

3.1 - Carbohidratos.

3.1.1 - Concepto, clasificación

3.1.2 - Estructura e propiedades dos monosacáridos.

3.1.3 - Disacáridos

3.1.4 - Polisacáridos

3.2 - Lípidos

3.2.1 - Concepto, clasificación e función biolóxica.

3.2.2 - Ácidos Graxos

3.2.3 - Lípidos saponificables

3.2.4 - Lípidos non saponificables

3.3 - Proteínas. Encimas

3.3.1 - Proteínas.

3.3.2 - Encimas.

Total horas planificadas: 23 h

COPYRIGHT (C) 2005, PLATAFORMA DESENVOLTA POR E-XENIO
Deseño baseado nunha plantilla de Just Web Templates (http://www.justwebtemplates.com)

3 O caderno de clase

Aínda que esta opción aparece coma unha opción dun submenu, constitúe en realidade a parte máis importante da aplicación do profesorado pois é a que permite levar o seguimento real do labor docente e titorial. Todas estas funcionalidades, exceptuando as posibilidades de impresión, atópanse tamén na aplicación das PDA. As principais utilidades que se lle ofrecen ao profesorado nas súas funcións docente e titorial respectivamente son:

Función docente (alumnado propio):

- Visualización do propio horario e acceso aos listados de todos os grupos de clase propios.
- Ferramenta para poñer faltas de asistencia e puntualidade.
- Ferramenta para poñer notas colectivas (controis, avaliacións e recuperacións)
- Ferramenta para o seguimento da programación marcando a data de inicio de cada tema.
- Visualización da ficha docente individual do alumnado propio que ten, na parte superior, un apartado coas observacións privadas que se teñan sobre ese alumno/a, e na parte inferior os apartados de: cualificacións, asistencia, conduta e informes. Esos cinco apartados descríbense a seguir
 - Ferramenta para complementar a ficha individual dun alumno/a con comentarios ou observacións privadas.
 - Visualización de todas as cualificacións obtidas en cada avaliación e ferramenta para poñer notas individuais (notas de clase) que ademais de ter un valor numérico poden levar un comentario que se lle faga chegar, se desexar, á titoría e/ou as familias.
 - Visualización, na ficha individual, das faltas de asistencia e puntualidade xustificadas e non xustificadas
 - Visualización dos partes de conduta impostos e ferramenta para abrir un novo parte de conduta a ese alumno/a
- Visualización dos informes sobre ese alumno/a enviados ao titor/a e a súa familia e ferramenta para escribir e enviar novos informes as familias ou ao titor/a

Función de garda (restante alumnado do centro):

- Visualización de todo o alumnado do centro organizado por grupos.
- Visualización dos grupos de clase en cada unha das horas de garda.
- Ferramenta para poñer faltas de asistencia e puntualidade ao alumnado que se ten durante as horas de garda
- Ferramenta para poñer faltas de conduta a calquera alumno/a do centro, tanto durante as horas de garda como en calquera outro momento.

Función titorial:

- Ficha académica individual de cada estudante titorado onde, ademais das observacións persoais e os datos relevantes dese alumno/a e datos de contacto, téñense as cualificacións de todas as materias en todas as avaliacións, todos os informes escritos polo resto do profesorado, o número total de faltas a todas as materias clasificadas segundo foran xustificadas ou non xustificadas e todos os partes de conduta recibidos por ese alumno/a
- Ferramenta para pedir informes a todo o profesorado sobre calquera dos estudantes titorados para preparase para a visita da familia
- Ferramenta para visualizar todas as faltas a todas as materias, ordenadas por data, e poder xustificalas.

3.1 Entrada no caderno de clase

Ao entrar nesta opción do submenú “*Alumnado*” aparecerá na pantalla o horario semanal completo e a data do día. Cada cadro do horario é un acceso á listaxe correspondente ao alumnado dese grupo. Pinchando no botón *Alumnado centro* accédese a unha pantalla onde se pode seleccionar calquera grupo do instituto. Do mesmo xeito, pinchando nas horas de garda pódese seleccionar un grupo de clase de entre aqueles que teñen unha clase concreta nesa hora (deste xeito se un grupo a esa hora esta dividido en dous poderá elixirse o subgrupo sobre o que se terá que facer a garda).



SIXA - Aplicación do Profesorado

ALUMNADO Horario do profesora Conectado como: profesor/a

PROGRAMACIÓNS

CALENDARIO

HORARIOS

PERSONALIZAR

SAIR

Semana do 25/9/2006 até o 29/9/2006

Nieves Rodríguez

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:30	1º ESO - A - OuAc	2º Bac - C - CCPS	1º Bac - A - CulRel	Garda de clase	1º Bac - A - Filo
09:20	Garda de clase	1º Bac - B - Filo	2º Bac - C - CCPS	1º Bac - A - Filo	1º Bac - A - CulRel
10:30	2º Bac - B - Filo	-	-	2º Bac - C - CCPS	2º Bac - B - Filo
11:20	-	-	1º Bac - B - Filo	2º Bac - B/BacC - Filo	1º ESO - A - OuAc
12:30	2º Bac - C - CCPS	-	-	-	-
13:20	-	-	-	-	1º Bac - B - Filo
16:20	-	Garda de clase	-	-	-
17:10	-	1º Bac - A - Filo	-	-	-

Personalizar Mensaxes Alumnado centro


COPYRIGHT (C) 2005, PLATAFORMA DESENVOLTA POR E-XENIO
Deseño baseado nunha plantilla de Just Web Templates (<http://www.justwebtemplates.com>)

Na parte inferior hai botóns para realizar outras funcións como *personalizar* (mudar o nome de usuario e a chave), *mensaxes* (acceder aos avisos enviados pola dirección do centro). Eses botóns teñen a mesma funcionalidade que os das correspondentes pestanas do menú principal, simplemente mantéñense ahí por ser o lugar en que estas funcionalidades se ofrecen na aplicación da PDA.

3.2 Xestión de grupos

Premendo en calquera cadro do horario accederase á listaxe dese grupo. Na parte superior ofrécense tres pestanas que corresponden a os tres submenús diponibéis:

- **Asistencia** Esta é a opción na que se entra ao premer un cadro do horario. Aquí vese a listaxe do alumnado dese grupo para esa materia e permítese doadamente poñer faltas de asistencia e puntualidade simplemente marcando no cadro de asistencia (A) ou puntualidade (P) do estudante desexado Obsérvase que non se poden poñer faltas de días posteriores á data actual.
- **Exames**. Esta sección ofrece a mesma listaxe do alumnado que a opción anterior mais agora móstranse todas as notas colectivas obtidas en todos os exames (controis, avaliacións e recuperación). Ademais de ver as cualificacións de todo alumnado. Pódese consultar a data e as observacións relativas a cada exame. Esta opción do menú ofrece un botón para poñer un novo exame. De cada novo exame é preciso dicir o seu tipo (control, avaliación ou recuperación) e a data de celebración. Ademais tamén hai un campo de *observacións* onde é posíbel describir o contido do exame ou calquera outra cosa relativa ao mesmo.



- **Seguemento**. Esta sección permite dicir en que data se inicio cada un dos temas do programa da materia. Esa data aparecerá posteriormente na memoria anual da materia de xeito que permitirá, cando menos aproximadamente, ver se as horas dedicadas a cada tema foron as previstas na programación.

SIXA - Aplicación do Profesorado

ALUMNADO | **Seguemento da materia** | Conectado como: profesor/a

PROGRAMACIÓNS | **Seguemento** | Memoria anual

CALENDARIO | Seguemento da programación docente da materia 'Bioloxía e Xeoloxía' no grupo '3º ESO - A - Bixe'

HORARIOS | **Volver**

PERSONALIZAR |

MENSAXES |

SAIR |

Tema	Horas previstas	Data de inicio (dd/mm/aaaa)
1. Níveis de organización dos seres vivos.	3	<input type="text" value="10/9/2006"/>
2. Bioelementos, auga e sales minerais.	8	<input type="text" value="29/9/2006"/>
3. Introducción as biomoléculas.	12	<input type="text"/>

COPYRIGHT (C) 2005, PLATAFORMA DESENVOLTA POR E-XENIO
Deseño baseado nunha plantilla de Just Web Templates (<http://www.justwebtemplates.com>)

3.3 Ficha académica individual do estudante

Ademais da información do grupo, o profesorado pode facer un seguimento individualizado de cada estudante mediante a ficha académica individual á que se accede premendo sobre o nome do alumno/a correspondente en calquera dos listados

SIXA - Aplicación do Profesorado

ALUMNADO | **Cualificacións** | Conectado como: profesor/a

PROGRAMACIÓNS |

CALENDARIO |

HORARIOS |

PERSONALIZAR |

MENSAXES |

SAIR |

 **Curso: 1º ESO - A**
García García María

Este rapaz ten grande destreza para o cálculo, pero se despista moito.

Cualificacións | Asistencia | Conducta | Informes

Data	Tipo	Nota	Observación
29/9/2006	C	3.0	
29/9/2006	EV	6.0	

COPYRIGHT (C) 2005, PLATAFORMA DESENVOLTA POR E-XENIO
Deseño baseado nunha plantilla de Just Web Templates (<http://www.justwebtemplates.com>)

Esta ficha académica persoal contén toda a información relevante sobre o estudante correspondente. Na parte de arriba mostrase a foto e o nome e un recadro de texto onde o profesor/a pode escribir as súas observacións persoais e privadas sobre ese/a estudante. Na parte de abaixo a ficha ten catro seccións:

- **Cualificacións:** Lista todas as cualificacións tanto de exames como de clase, xunto a data e ás observacións que o profesor/a escribise. Tamén permite engadir unha nova cualificación de clase e as observacións correspondentes e indicar se esas observacións se deben enviar ao titor/a e/ou a familia do estudante.
- **Asistencia:** Di o número de faltas de asistencia e puntualidade, xustificadas e non xustificadas que tivo o estudante nesa materia



SIXA - Aplicación do Profesorado

ALUMNADO **Asistencia** Conectado como: profesor/a

PROGRAMACIÓNS
CALENDARIO
HORARIOS
PERSONALIZAR
MENSAXES
SAIR

Curso: 1º ESO - A

XXXX XXXX XXXXXX

Este rapaz ten grande destreza para o cálculo, pero se despista moito.

Cualificacións		Asistencia		Conducta		Informes	
Avaliación	Asistencia	Asistencia (x)	Puntualidade	Puntualidade (x)			
Primeira avaliación	1	0	1	0			

Volver

COPYRIGHT (C) 2005, PLATAFORMA DESENVOLTA POR E~XENIO
Deseño baseado nunha plantilla de Just Web Templates (<http://www.justwebtemplates.com>)

- **Conducta:** Permite ver a lista de todos os partes de conducta que o profesor/a lle puso a ese estudante. Ademais, é a través deste apartado o profesor/a pode poñer un novo parte de conducta a ese estudante.
- **Informes:** Permite escribir informes sobre o alumno/a para enviar as familias e/ou ao titor/a, ben á petición do mesmo, ou cando o profesor/a o desexar.



SIXA - Aplicación do Profesorado

ALUMNADO **Informes** Conectado como: profesor/a

PROGRAMACIÓNS
CALENDARIO
HORARIOS
PERSONALIZAR
MENSAXES
SAIR

Curso: 1º ESO - A

XXXXX XXXXXX Maria

Este rapaz ten grande destreza para o cálculo, pero se despista moito.

Novo informe

Data	Destino	Información	
29/9/2006	Familia	Non trae os deberes habitualmente	X

Volver

COPYRIGHT (C) 2005, PLATAFORMA DESENVOLTA POR E~XENIO
Deseño baseado nunha plantilla de Just Web Templates (<http://www.justwebtemplates.com>)

Os informes pódense enviar ao titor e/ou as familias publicándoas na Web de pais ou enviándoas vía mail, segundo o centro teña configurada a comunicación coas familias.

3.4 Xestión de titorías

Se o profesor/a que accede á ficha dun alumno/a é o seu titor/a, ademais das funcionalidades vistas, poderá acceder a outros datos, como información persoal (endereço, datos familiares, etc.) listaxe das faltas de asistencia, partes de conduta e cualificacións de avaliación en todas as materias, informes do alumno/a elaborados polos seus diferentes profesores e profesoras. Para alén disto, o titor/a pode solicitar informes sobre o alumno/a en cuestión. Cando o fixer, o nome de ese alumno aparecerá en vermello en todas as listaxes de ese grupo de todo o seu profesorado, avisándoos, así, de que o titor/a espera recibir un informe sobre a marcha de ese estudante en todas as materias. Ademais, ao ver o detalle das faltas de asistencia e puntualidade, o titor poderá xustificar as faltas que desexe.

3.5 Xestión das gardas

Cando un profesor/a preme sobre un cadro do horario en que figura unha garda, aparecerá unha pantalla na que deberá elixir o grupo que vai vixiar nesa hora de garda. Nesa listaxe so apareceran os grupos o subgrupos que teñen clase a esa hora concreta.

Ao premer sobre un grupo aparecerá o listado do mesmo mais só será posíbel poñer faltas de asistencia, de puntualidade, e partes de conduta, non estando dispoñíbel nin a ficha académica persoal nin as notas.

De xeito similar funciona o botón *Alumnado centro* mais neste caso esta dispoñíbel a listaxe do alumnado completo de todos os grupos.